

INSTITUCIONAL

O Consorcio de Santiago aproba o orzamento para o ano 2024 cunha suba do 10%, o que permitirá facer obras de reforma interior do Palacio de Congressos

O Consorcio de Santiago celebrou o venres 16 a súa Comisión Executiva e o seu Consello de Administración. Na xuntanza aprobouse o presuposto para o vindeiro ano, que ascende a 10.213.878,50€. As tres administracións consorciadas comunicaron publicamente que as súas achegas ao Consorcio para o exercicio 2024 medrarán un 10%, o que se reflicte neste orzamento. A Administración Xeral do Estado achegará 5.261.476€, a Xunta de Galicia 3.161.854,30€ e o Concello de Santiago 1.542.346,59€. Esta suba permitirá facer obras de reforma interior do Palacio de Congressos.

Dentro dese investimento, ao Programa de Rehabilitación, Mantemento e Recuperación Urbanas destinaranse 1.773.779,20€; mentres que ao Programa de Dinamización Cultural e Turística, que inclúe a Real Filharmonía de Galicia e a Escola de Altos Estudos Musicais, irán 6.193.626,07€ e ao Programa de Información, Estudo, Interpretación e Divulgación da cidade destinaranse 367.201,16€. Por último, no Programa de Administración, Dirección Xeral e Mantemento e Conservación do Patrimonio Propio investirase un total de 1.876.672,07€.

Ademais, nesta reunión o Consorcio aprobou tamén a orde de subvencións en concorrencia competitiva que terán a finalidade de elaborar, por parte da Oficina Técnica do Consorcio, proxectos de rehabilitación e plans de mantemento dos edificios monumentais da cidade que gocen da maior catalogación.

Máis información:

<http://www.consorciodesantiago.org/gl/novas/o-consorcio-de-santiago-aproba-o-orzamento-para-o-ano-2024-cunha-suba-de-10-o-que-permitira>



EXPOSICIÓNS

'Santiago proxectado, arquitecturas non construídas' recibe no seu primeiro mes máis de 6.000 visitantes


A exposición da Casa do Cabido, 'Santiago proxectado, arquitecturas non construídas', inaugurada o pasado 14 de novembro, recibiu no seu primeiro mes aberta ao público a máis de 6.000 visitantes.

Esta boa acollida dá continuación á que tamén recibiu a anterior mostra, 'Lorca en Compostela', que durante os catro meses que estivo dispoñible recibiu a máis de 26.000 persoas.

Con estas cifras, a Casa do Cabido pechará este 2023 coa mellor asistencia histórica desde que no ano 2011 foi restaurada polo Consorcio de Santiago para formar parte da rede de museos da cidade histórica.

Máis información:

<http://www.consorciodesantiago.org/gl/novas/santiago-proxectado-arquitecturas-non-construidas-recv-no-seu-primeiro-mes-mais-de-6000>



MÚSICA

Sebastian Zinca, novo director asistente da Real Filharmonía de Galicia

A Real Filharmonía de Galicia realizou entre o 4 e o 7 de decembro o proceso de selección de dirección asistente para o ano 2024. A selección rematou cun concerto no Auditorio de Galicia no que as catro persoas candidatas dirixiron a orquestra. Ao remate da actuación, o xurado anunciou a elección de Sebastian Zinca como novo director asistente da orquestra.

Sebastian Zinca é estadounidense con ascendencia peruana e romanesa. Completou os seus estudos de dirección na Academia Sibelius de Finlandia como alumno de Sakari Oramo. Como parte da súa formación, dirixiu a case todas as orquestras importantes de Finlandia, onde debutou como director convidado coa Orquestra Sinfónica de Oulu. No ano 2021 recibiu a medalla de prata no Terceiro Concurso Internacional de Dirección Antal Doráti de Budapest (Hungria).

Máis información:

<https://www.rfgalicia.org/gl/sebastian-zinca-novo-director-asistente-da-real-filharmonia-de-galicia/>

A RFG abre o prazo para participar no obradoiro de composición de obras sinfónicas

A Real Filharmonía de Galicia organiza durante a temporada 2023-24 un obradoiro de lecturas de novas obras sinfónicas co fin de ser un estímulo para compositores e compositoras que estean comezando a súa carreira formativa no ámbito da música clásica.

Na semana do 29 de abril ao 3 de maio de 2024 realizaranse catro días de ensaios sobre oito das obras recibidas para este obradoiro. Ao rematar a semana realizarase un concerto final aberto ao público e unha gravación, sen fins comerciais, das obras elixidas.

Máis información:

<https://www.rfgalicia.org/gl/o-real-filharmonia-abre-o-prazo-para-participar-no-obradoiro-de-composicion-de-obras-sinfonicas/>



Comeza un 2024 musical de maneira moi especial

Chega xaneiro e con el un ano de moita música á Real Filharmonía de Galicia. O comezo será a Noite de Reis coa Bela Dormente nun concerto dirixido por Baldur Brönnimann e con Inés Salvado Gontad como narradora-actriz.

A semana seguinte teremos o primeiro (EN)FOCO, co mestre Brönnimann á batuta, nun concerto comentado dunha hora no que se homenaxea un dos compositores españois máis importantes e descoñecidos, Roberto Gerhard. Por último, Rita Castro Blanco dirixirá o concerto percorrendo a felicidade.

Toda a información na web da RFG:

rfgalicia.org

